



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

María Inés Monteagudo Romero, alcaldesa do concello de Muros (A Coruña)

Expediente:236/2020

Con data 6 de maio de 2020 dictouse resolución da alcaldía na que se dispuso o levantamento da suspensión da celebración das sesións periódicas ou ordinarias das Xuntas de Goberno Local e das xuntas de Voceiros do concello de Muros

Tendo en conta que para axilizar os trámites administrativos que foran necesarios realizar á vista da suspensión das sesións de Xunta de Goberno Local, e por resolución desta alcaldía se produxo a avocación das competencias conferidas pola alcaldía no seu día Dado que para a eficacia da validez do levantamento da celebración das sesións da Xunta que se ten adoptado, dita resolución debe estar debidamente notificada aos seus membros e publicado no BOP ós efectos oportunos

Considerando que as Xuntas de Goberno local ordinarias se celebran cada quince días.

Visto o anterior, e en uso das miñas atribucións como Alcaldesa, de acordo co disposto no artigo 21 1 m da LRBRL, RESOLVO

Primeiro.- A suspensión do levantamento das sesións da Xunta de Goberno Local producirá os seus efectos unha vez quede acreditado no expediente a notificación de dita resolución aos seus membros así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na Sede electrónica do Concello.

En todo caso a avocación de competencias das competencias delegadas estará vixente ata que se realice a convocatoria da primeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que será a corresponde ao do día 22 de maio de 2020.

Segundo.- Notificar este decreto aos membros da Xunta de Goberno Local, a todos os departamentos do concello, e proceder á publicidade do mesmo para o xeral coñecemento e aos efectos oportunos, dando conta do mesmo na primeira sesión de pleno que se celebre.

En Muros a data sinalada ao marxe

Asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

A secretaria

María Ofir Aboy García